

Article

Foto-grafías: mulleres migrantes galegas e irlandesas¹

Manuela Palacios²

Universidade de Santiago de Compostela

*Keywords*Migration
Woman
Photography
Galicia
Ireland
Trauma*Palabras clave*Migración
Muller
Fotografía
Galicia
Irlanda
Trauma*Abstract*

This article discusses a number of descriptions, by Irish and Galician writers, of photographs of migrating women. Ireland and Galicia have experienced several periods of massive emigration in the last two centuries, but the role of women in these flows of migration remains under-examined, especially from a comparative perspective. A comparative analysis of the experience and representation of migration not only shows the mutual relevance of the events and their narratives for both communities but also allows us to identify those aspects which are exposed in one community and neglected in the other, thereby furnishing us with new criteria of analysis. This article is indebted to current debates on gender-oriented studies of migration and examines the emotional impact of migration by drawing on recent proposals in trauma studies. Apart from considering the sociological value of photographs as records of both personal and collective experience, this article delves into two of the most relevant questions which, according to Susan Sontag (1977), were introduced by photography and are of crucial importance for the study of these personal documents: what is worth observing and what are we entitled to observe?

Resumo

Este artigo analiza unha serie de descrições, feitas por escritores e escritoras de Irlanda e Galicia, de fotografías de mulleres migrantes. Estas dúas comunidades experimentaron varios episodios de emigración masiva nos dous últimos séculos, pero o papel das mulleres neses movementos migratorios non está aínda suficientemente estudado, especialmente desde unha

1

Este artigo é resultado dos proxectos de investigación 'Ex-sistere' e 'Eco-ficcións' (Ministerio de Economía y Competitividad FFI2012-35872, FEM2015-66937-P). Igualmente, está enmarcado na investigación dos grupos 'Lingua e literatura inglesa e identidade II' (R2014/403) e 'Discurso e Identidade' (GRC2015/002 GI-1924) financiados pola Xunta de Galicia.

2

Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá | Avda. Castelao, s/n | 15782 Santiago de Compostela.

perspectiva comparada. A análise comparada da experiencia da migración e da súa representación non só nos amosa a relevancia recíproca dos acontecementos e dos seus relatos para as dúas comunidades, senón que permite poñer o foco sobre aspectos salientados nunha pero inadvertidos na outra, achegando deste xeito novos criterios de análise. Este artigo está enmarcado nos debates actuais sobre a perspectiva de xénero nos estudos migratorios e examina o impacto emocional da migración facendo uso das recentes achegas dos estudos de trauma. Ademais de considerar o valor sociolóxico das fotografías como rexistro da experiencia persoal e colectiva, reflexiónase sobre as dúas preguntas máis relevantes que, segundo Susan Sontag (1977), introduciu a fotografía e resultan de crucial importancia para o estudo destes documentos persoais: que merece a pena observar e que temos dereito a observar?

Foto-grafías: *mulleres
migrantes galegas e irlandesas*
Manuela Palacios

3

Aínda que o termo 'emigración' é o máis común en Galicia nos estudos sobre os movementos migratorios que partiron dela, a crítica internacional adoita empregar o termo 'migración' para evitar limitar a súa perspectiva ao fenómeno de marcha ou expulsión. Certamente, a persoa que emigra desde Galicia e Irlanda é á vez inmigrante no país de destino, polo que o termo 'migrante' resulta máis flexíbel para acomodar os diferentes tipos e direccións da mobilidade.



Introdución: Estudos da migración e interdisciplinidade

Aínda que en Europa o número de mulleres migrantes durante o século xx foi superior ao dos homes (Simon & Bretell 1986: 4), sorprende constatar a escasa atención que recibiu o fenómeno da migración feminina ata mediados dos anos oitenta (Morokvasic 1984).³ Mesmo na fin do século o vector de xénero na migración seguía interesando máis ás ciencias sociais que á investigación historiográfica, chegando a afirmar Donna Gabaccia (1996: 91) que os estudos históricos da migración feminina internacional case non existían. A investigación cuantitativa e os documentos oficiais tampouco daban suficiente información sobre as motivacións para a migración, o seu impacto emocional e físico e as consecuencias económicas dos ingresos xerados polas mulleres en actividades domésticas. Xa no século XXI se lamentaba de igual xeito en España, e concretamente en Galicia, o escaso interese polo papel das mulleres nos fluxos migratorios (Liñares Giraut 2009; Hernández Borge & González Lopo 2008) e investigadoras como María Xosé Rodríguez Galdo (2009: 19) reclamaban a necesidade de revisar categorías de análise como a de 'emigración familiar' porque non visibilizaba suficientemente a participación das mulleres no eido laboral. Algo semellante ocorreu en Irlanda onde, en períodos concretos dos séculos XIX e XX, emigraron máis mulleres ca homes, pero os estudos históricos só se preocuparon por analizar as reaccións políticas e eclesiásticas á emigración feminina no canto de estudar o fluxo en si (Delaney 2001: 209, 212; Muldowney 2012).

Se a investigación histórica sobre a migración se beneficiou das achegas da antropoloxía, a socioloxía e a xeografía, o presente artigo, que se enmarca na disciplina dos estudos literarios, está atento tanto aos debates actuais das ciencias sociais arredor da migración como ás relacións interculturais, ao comparar a migración das mulleres galegas e irlandesas. Esta perspectiva comparada fúndase nunha serie de circunstancias mutuamente relevantes a Galicia e Irlanda tales como as crises agrarias, cos seus efectos sobre os movementos migratorios, e o impacto da moral católica na vida das mulleres. Aínda que non é o obxectivo deste artigo analizar as devanditas circunstancias históricas, económicas e relixiosas, estas constitúen o punto de partida para relacionar Galicia e Irlanda. Ademais da aproximación comparada de base rexional —xeográfica e sociocultural—, este artigo incorpora a perspectiva inter-artística ao dar conta de textos de valor literario e fotografías —de aí o título do artigo: *foto-grafías*. A crítica de referencia na valoración das fotografías será Susan Sontag, autora da colección de ensaios *On Photography* ([1977], 1981), pero tamén se ten en conta a función social da fotografía exposta por Pierre Bourdieu en *Un art moyen* (1965). Por outra banda, Pamela Sharpe (2001: 8-10) identifica unha área de interese na investigación das migracións: o impacto emocional da migración e os efectos da ausencia da persoa migrante na súa contorna de orixe. Neste respecto, o presente artigo fornece unha achega orixinal ao aplicar os estudos do trauma á análise da emigración. Geoffrey Hartman, impulsor dos estudos do trauma no marco da crítica literaria a finais do século XX, alentaba a que a crítica identificase as feridas psíquicas na narración do trauma (2003: 257, 259), cuestión que se tratará aquí á hora de comparar os relatos e fotografías que compoñen o corpus deste traballo.

A perspectiva relacional e interdisciplinar deste artigo correspóndese á chamada, desde a teoría de sistemas migratorios, a investigar as relacións transnacionais na migración aproveitando a información fornecida, alén dos rexistros oficiais, polos documentos persoais (Harzig 2001: 16-17; Guibernau & Rex 2010: 7). A hipótese deste traballo comparativo é que os resultados obtidos en Galicia e Irlanda non soamente posúen relevancia mutua polas semellanzas sociais e culturais entre estas comunidades, así como polo forte impacto que a emigración tivo nas súas sociedades, senón que a perspectiva comparada permite poñer o foco sobre aspectos salientados nunha comunidade pero inadvertidos na outra, achegando deste xeito novos criterios de análise.

Xénese do proxecto *foto-grafías*

A continuación procederase a explicar o desenvolvemento do proxecto *foto-grafías* desde a súa concepción, así como as súas motivacións e obxectivos, para seguidamente expoñer os aspectos comparativos máis salientábeis no tocante aos principais eixos deste proxecto: a migración das mulleres galegas e irlandesas e o seu impacto socioeconómico e emocional, así como a mediación das artes literaria e fotográfica na representación e configuración do fenómeno migratorio. A análise de textos literarios e fotografías fíxose simultaneamente para Galicia e Irlanda, pero os seus resultados apareceron en publicacións que trataron a cuestión galega e a irlandesa por separado, razón pola que este artigo aborda por primeira vez a aproximación comparativa á migración das mulleres galegas e irlandesas. Así, as colaboracións galegas, cos seus relatos, fotografías e análises respectivas, foron publicadas como capítulo de libro en *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega*, editado por Ana Acuña (Palacios 2014), e as colaboracións irlandesas foron recollidas noutro capítulo do libro *Ex-sistere: Women's Mobility in Contemporary Irish, Welsh, and Galician Literatures*, editado por María Jesús Lorenzo Modia (Palacios 2016). Nestas publicacións previas reproducense os relatos e fotografías que achegaron escritoras e escritores de Galicia e Irlanda, mentres que no presente artigo só se salientan os aspectos comparativos máis importantes resultantes da análise deses textos escritos e visuais.

A idea do proxecto *foto-grafías*, no que unha serie de escritores e escritoras describen e comentan unha fotografía dunha muller emigrante, naceu dunha observación que fixo a escritora galega Lupe Gómez nunha enquisa sobre mulleres escritoras e viaxe que eu enviara a varias poetas e narradoras galegas en 2010. Interesábame daquela estudar, entre outros aspectos, a relación entre a experiencia galega da emigración e a actitude actual cara á viaxe por parte das escritoras galegas. Á pregunta de se a súa familia vivira a experiencia da emigración, Gómez respondeu coa historia do seu tío-avó Pedro. Porén, a súa era unha historia reconstruída a partir dunhas poucas fotos, escasas conversas familiares e moita fantasía: ‘na miña casa sempre se mantivo un reino de silencio sobre esa persoa’, ‘nas poucas fotos que teño visto de Pedro en Bos Aires hai como “un aire de película” e el parece un “actor de cine”’ (Palacios 2010: 154). Cartas e fotografías son os documentos persoais que máis abundan nos relatos sobre a emigración pero, ao non contar cunha historia de vida en primeira persoa, unha alternativa era restituír esas experiencias da emigración a través das narracións elaboradas por escritoras a partir das fontes orais no seo familiar.

Foto-grafías: *mulleres
migrantes galegas e irlandesas*
Manuela Palacios

4

Relatos semellantes doutras escritoras galegas e irlandesas, como Marilar Aleixandre e Lia Mills, sobre o silencio familiar arredor da cuestión do exilio leváronme a escribir posteriormente o artigo 'Exilio e tabú' (Palacios 2013), no que analizo a relación entre trauma, silencio e o oficio de escritora, así como as diversas estratexias narrativas empregadas polas autoras para pronunciar o impronunciábel e restituír e re-construír a historia do exiliado nun exercicio de responsabilidade moral.

5

Explica Kelly (2010) na súa resposta á enquisa que lle enviei: 'This is a particular reality for the West of Ireland, where emigration was always high —still continues to be— because of difficult economic circumstances, large families and very little land. [...] it becomes a natural process for people to go. They/we grow into that pattern. We feel that if we do not go/leave, then our siblings will'. Reproducido aquí co permiso da escritora.

No caso da historia de Pedro, merecía análise o silencio que a familia gardara sobre a súa vida por mor do seu exilio tras participar no bando republicano durante a Guerra Civil. Aínda que o silencio familiar sobre os seus membros exiliados fose unha situación frecuente e comprensíbel debido ás represalias sufridas, interesaba indagar na relación entre trauma e testemuño ou, pola contra, silencio, así como a posta en práctica da prohibición, explícita ou implícita, de falar sobre o exiliado.⁴ Gómez suplía, logo, a falta de relatos familiares coa súa interpretación desinhibidamente fantasiosa das poucas fotografías de Pedro que gardaba a familia. Fronte a unha aproximación historiográfica que puidese desbotar este tipo de reconstrucións dos acontecementos porque están faltas de recordos e sobradas de fantasía, a perspectiva literaria deste estudo descubriu en descriucións como a de Gómez un interese suplementario: non só se podería coñecer a relación entre exilio e silencio, senón que se poderían observar os mecanismos psicolóxicos de defensa fronte ao esquecemento e as estratexias narrativas dispoñíbeis para reconstruír a historia do exiliado. Pero para que nacera esta reconstrución da historia de Pedro e dada a ausencia dos relatos familiares, era imprescindible un obxecto persoal e a foto era o único documento persoal co que contaba Gómez para elaborar esa historia.

Paralelamente ás enquisas ás escritoras galegas, enviáranse outras semellantes a unha serie de escritoras irlandesas, as cales forneceron interesantes historias familiares e, de xeito salientábel, relatos sobre mulleres migrantes. En concreto, a escritora Rita Kelly comentaba como a emigración irlandesa chegou a ser tan elevada que foi percibida como un proceso 'natural' e un patrón de vida inevitábel.⁵ As escritoras irlandesas falaban ademais de nais, tías, avoas e irmás emigrantes e Kelly mesmo salientaba que moitas destas mulleres emigraran soas. Á importancia do vector de xénero nos discursos sobre a migración, tan relevante a este proxecto que daquela se centraba na relación de muller e estranxeiría, uniuse o interese polo papel que desempeñaba a fotografía na produción de relatos sobre a emigración.

A fotografía comentada por Kelly na enquisa —a escritora irlandesa reelaborou o texto posteriormente para a súa publicación (Palacios 2016: 157-159)— era a da súa avoa Margaret Rabбите, quen emigrara soa aos Estados Unidos arredor de 1890. As principais semellanzas entre os relatos de Gómez e Kelly son, por unha parte, a referencia á escaseza de fontes orais directas, aínda que no caso de Kelly non se alude a ningún tipo de tabú sobre a vida da persoa emigrante, e, por outra, ese suplemento imaxinativo polo que as poetas achegan suposicións que elas mesmas recoñecen como de pouca base real. Entre as principais diferenzas é de salientar, por unha banda, o feito de que a protagonista da experiencia migratoria no relato de Kelly sexa unha muller, o que leva a introducir numerosas consideracións sobre as circunstancias específicas da migración feminina no relato, e por outra banda a detallada información antropolóxica que a autora nos dá sobre hábitos e prácticas culturais tanto na terra de orixe como na de destino. Kelly comeza por expresar as súas dúbidas sobre a fiabilidade dunha fotografía para coñecer de veras a personalidade da muller retratada, o cal lle serve de escusa, ou mesmo lexitimación, para especular sobre aspectos varios da vida íntima da súa avoa: 'The photograph seems very sexy to me. I think this woman had great reserves of sexual energy' (Palacios 2016: 158). Isto non quere dicir que Kelly deixe voar a imaxinación sen preocuparse polo contexto social e histórico porque, pola contra, o seu relato fornece información moi precisa sobre a dieta rural en Irlanda a

finais do século XIX, sobre a vestimenta e o impacto das modas que viñan de Londres e París, así como sobre os tipos de traballos dispoñíbeis en Estados Unidos para as emigrantes irlandesas.

Destes relatos de Lupe Gómez e Rita Kelly resultan de especial interese os seguintes aspectos: a complexa ancoraxe da historia nas fotografías e nos relatos, o reiterado recurso á fotografía para contar as historias da emigración, a relevancia destes documentos persoais e historias individuais para construír a historia colectiva, os diferentes graos de ficción que as autoras decidían incorporar nos seus textos e as posíbeis xustificacións para combinar o relato de base social e histórica coa especulación imaxinativa e, finalmente, os traballos da memoria que, como ben afirma Josefina Cuesta (2014: 34-38), non consisten só no recordo, senón tamén no silencio e o esquecemento. Foi entón cando naceu o proxecto *foto-grafías* co obxecto de rescatar as experiencias das mulleres migrantes galegas e irlandesas, así como para estimular a produción de discursos sobre elas, porque a nosa obriga desde o ámbito académico non é só estudar o que nos transmitiu a historia senón tamén facilitar os espazos e medios para que se poida restituír e reconstruír o pasado desde o maior número de puntos de vista posíbeis.

As especialistas en literatura de viaxes e autobiografía (Siegel 2004; Lawrence 1994; Morris 1993) veñen salientando os efectos das discriminacións de xénero e clase na difusión da experiencia feminina de mobilidade. Moitos dos relatos de mulleres sobre as súas viaxes e desprazamentos víronse restrinxidos ao medio oral, o espazo doméstico e o contexto familiar, xa que as mulleres non contaban ou ben co nivel formativo ou ben co acceso aos medios de publicación e o prestixio intelectual que fixesen perdurar as súas narracións. Kristi Siegel (2004: 2) mesmo sinalou o paradoxo de que algunhas historias de mulleres viaxeiras perdurasen no tempo precisamente porque as escribiran homes intelectuais de prestixio e non as propias mulleres que viviran a experiencia da viaxe. Por esta razón, un dos obxectivos do proxecto *foto-grafías* foi reconstruír a experiencia das mulleres migrantes para difundila alén da oralidade e do seo familiar por outros medios —a escrita e a fotografía— e noutros espazos —a esfera pública.

Ademais das consideracións xa expostas, os obxectivos do proxecto *foto-grafías* eran os de indagar na intersección de xénero e mobilidade no que respecta ao corpo (idade, sexualidade e reprodución, enfermidade, alimentación, as fames), así como o grao de axencialidade da muller no deseño da viaxe e a percepción que ten dela como experiencia forzosa, ou ben de auto-afirmación, mesmo liberadora. Importantes son tamén as circunstancias que favorecen ou dificultan a viaxe como, por exemplo, os factores económicos, as obrigas familiares, as restricións fronteirizas para mulleres que viaxan soas, con ou sen fillos e, en xeral, o control social sobre a muller e as expectativas arredor do seu comportamento. No tocante á experiencia da migración, cumpría analizar cales eran os momentos seleccionados para o recordo, o estado anímico e afectivo provocado polo desprazamento, o sentimento de pertenza ou alienación na sociedade de destino, os vínculos transnacionais que a emigrante mantén entre a sociedade de orixe e de destino, as motivacións para o retorno, así como as circunstancias das mulleres que quedan agardando pola volta do ou da emigrante —nais, esposas e fillas— (análises dispoñíbeis en Palacios 2014 e Palacios 2016). No presente artigo, serán dous os aspectos de especial relevancia para a análise comparativa que se comentarán máis adiante: a representación e configuración do corpo feminino e o impacto emocional, mesmo traumático, da migración.

Na discusión deste corpus, todas as citas dos relatos galegos proceden de Palacios 2014, mentres que as dos relatos irlandeses provén de Palacios 2016. De agora en diante, as citas galegas e irlandesas levarán só o número de páxina.

Con todos eses obxectivos en mente comecei por solicitar a nove escritores e escritoras de Galicia que comentasen a fotografía dunha muller da súa contorna que emigrara e, posteriormente, fixen outro tanto con nove escritoras de Irlanda. Se incluí a escritores galegos neste traballo foi para involucralos tamén neste proxecto feminista de restitución da experiencia das mulleres. Como algún escritor irlandés declinou o convite a participar, propúxenme comprobar se unha mostra exclusivamente feminina ofrecería resultados diferentes dos da mostra mixta galega. Para as dúas mostras escollín a profesionais dos distintos xéneros da escrita (poesía, narrativa, teatro e ensaio) e diferentes idades. O obxectivo do presente artigo é precisamente comparar e contrastar estas colaboracións de escritores e escritoras de Galicia e Irlanda.

Corpus galego e irlandés de relatos e fotografías: unha aproximación comparada

Para a compilación de relatos galegos, acompañados as máis das veces das fotografías que describen, contouse coa xenerosa colaboración de Luz Pichel (1947), Helena Villar Janeiro (1940), Mario Regueira (1979), Ramón Nicolás (1966), Lorena Souto (1983), Arturo Casas (1958), Martín Veiga (1970), Mercedes Queixas (1968) e María Reimóndez (1975). Como na proposta feita a escritores e escritoras se suxería un enfoque amplo sobre a mobilidade feminina que abranguese non só a emigración senón tamén outras experiencias de desprazamento e viaxe, foron os cinco primeiros autores os que se centraron nas vivencias de mulleres emigrantes, mentres que os catro restantes se referiron a outras experiencias de mobilidade feminina por razóns de traballo, estudos e actos de guerra. Por se trataren de desprazamentos realizados ben en distancias curtas ben polo desexo de viaxar, as catro narracións derradeiras non serían consideradas propiamente historias da emigración. Para a compilación irlandesa, contei coa amábel colaboración das escritoras Paula Meehan (1955), Rita Kelly (1953), Celia de Fréine (1948), Evelyn Conlon (1952), Lorna Shaughnessy (1961), Máighréd Medbh (1959), Catherine Phil MacCarthy (1954), Mary O'Donnell (1954) e Lia Mills (1957). Das nove escritoras irlandesas, seis optaron por se referir a historias de emigración provocadas pola falta de oportunidades laborais en Irlanda, outras dúas comentaron a experiencia de mulleres monxas nas misións católicas, e un derradeiro caso conta o abandono do país de orixe por complexas circunstancias persoais e identitarias. Comparando os tipos de mobilidade nestas colaboracións, pódese afirmar que a súa variedade é semellante nas compilacións galega e irlandesa, se ben o desprazamento das mulleres nas historias irlandesas comporta sempre a viaxe a outros países e mesmo a terras moi distantes.

Ao se tratar de mostras reducidas de autores e autoras, as coincidencias nas ocupacións das mulleres migrantes chaman especialmente a atención. Tal é o caso nos relatos de Helena Villar Janeiro e Mario Regueira sobre mulleres que traballaron como amas de cría aleitando os fillos doutras mulleres da burguesía na sociedade de destino, pero debendo para iso deixar na terra de orixe os seus propios fillos (Palacios 2014: 122-124).⁶ Un caso semellante, por se tratar tamén dunha nai que emigra soa e deixa os fillos no país de orixe ao coidado do home, é o relatado por Luz Pichel (120-122). Pola contra, na compilación de relatos irlandeses non hai ningún caso con esta ocupación de ama de cría e o episodio que se relata de

muller coidadora dunha anciá non comporta o aspecto traumático de ter que deixar os propios fillos na terra de orixe. Sábese, con todo, que as migrantes irlandesas dominaron o mercado de amas de cría nos Estados Unidos durante o século XIX (Golden 2001: 72). A ausencia da figura da ama de cría neste corpus de relatos irlandeses pódese deber ao reducido da mostra, pero consultados en correspondencia privada tanto escritores e escritoras como especialistas en historia e ciencias sociais en Irlanda, evidenciouse a escaseza de estudos en Irlanda sobre esta ocupación, polo que podería haber unha certa amnesia colectiva ante un tema incómodo e silenciado. En calquera caso, a aproximación comparada permite identificar novas cuestións de análise do fenómeno migratorio ao debater nunha comunidade aspectos que semellan esquecidos na outra. Os relatos de Helena Villar Janeiro e Mario Regueira sobre as amas de cría, xa que logo, non só son de gran relevancia en Galicia polo que contan senón tamén en Irlanda polo que alí se cala.

A migración galega de mulleres que viaxan soas, deixando home e fillos na terra de orixe, constitúe unha modalidade destacábel do protagonismo da muller nos fluxos migratorios e evidencia a necesidade de estudar a migración feminina alén de categorías máis frecuentes como a da emigración familiar. Tanto Pichel como Villar Janeiro e Regueira comentan de xeito explícito as remesas que estas mulleres enviaban aos seus fogares, salientando así a súa axencialidade económica e xustificando, ao paso, a necesidade de emigrar debido ás penurias sufridas en Galicia: 'O home dáballe mala vida e ela non podía ver as fillas pasando fame', di Regueira (123). Outro aspecto a salientar na ocupación de ama de cría é a da considerábel distancia social entre a clase da migrante e a da familia que a emprega. Porén, non se refiren nos relatos galegos situacións de confrontación entre as partes senón, todo o contrario, relacións de afecto, comprensión, apoio e recompensa. Fala Villar Janeiro 'da señora, que quixo premiar daquela a fidelidade da ama de cría' (123) e Regueira dinos da súa tataravoa: 'Choraba polos recantos dunha grande mansión até que o rei de alén mar a escoitou e lle deixou cartos para volver' (124). Sónia Ferreira (2012: 127) alude ao 'saudosismo' ou mitificación da experiencia migratoria e, nestes relatos, parece como se se transmitise, dunha xeración á seguinte, unha certa idealización das relacións entre empregadores e migrantes. Pola contra, Janet Golden (2001: 97) refírese á elevada mortalidade infantil en Estados Unidos, mesmo a finais do século XIX, entre os fillos biolóxicos das amas de cría e cualifica como criminal o mercado laboral estimulado polas clases podentes, que salvaban os seus fillos a costa dos das empregadas migrantes, na súa maioría irlandesas.

Unha liña de traballo moi frutífera para a análise tanto dos relatos galegos como irlandeses é a dos estudos do trauma, liña especialmente relevante aos estudos da migración, pero que non adoita ser empregada nos mesmos dun xeito explícito. Á hora de identificar as feridas psíquicas na narración do trauma, tal e como suxire Hartman (2003: 257, 259), obsérvase que, no relato de Luz Pichel sobre unha nai que ten que abandonar os seus propios fillos para ir coidar dos alleos noutro continente, abundan as pegadas do trauma: manifestacións deliberadas de *pathos* ('Ela nunha caixa grande mercada por *Santa Lucía, defunciones*', 122), confesións de culpabilidade ('Nunca vos tive que tener deixado. Muero triste por iso', 122), heteroglosia e sinais de conflito lingüístico que o son á vez dun choque cultural, económico e de clase ('agora voy algo mejor', 122), confusións intencionadas dos acontecementos ('Métea no cadaleito, non a mete no cadaleito', 122) e, finalmente, descualificacións ('gorda, fea', 122). Con todo, outros relatos sobre nais separadas das súas crianzas, como o de Helena Villar Janeiro,

temperan o dramatismo da situación cunha narración relativamente impersoal ('Nacera en 1872, casara con Secundino aos 20 anos e tiña agora 34', 122) e a descrición obxectiva e exhaustiva. Pola súa parte, Mario Regueira contrarresta o *pathos* dos acontecementos con elementos metaficcionalis do conto infantil e a tradición oral ('no medio das brétemas dos relatos, sempre penso que os presidentes de alén mar son para nós como os reis dos contos', 124), pero a subxectividade dos xuízos, a indeterminación de feitos e circunstancias que envolven o relato na néboa e a construción dunha heroína valente e protectora dos seus ('disposta a que ningún home de chapeu nos fíxese pasar fame de novo', 124) favorecen unha lectura emotiva.

Afirma R.W. Connell (2005), no seu estudo sobre a masculinidade, que nos países occidentais prósperos os homes están a recibir das mulleres moito apoio emocional sen sentiren a obriga social de corresponder a ese afecto e engade que no caso dos homes 'a taboo on free expression of emotions, especially vulnerability, continues (this is perhaps now changing)' (2005: 247). Nos relatos galegos de autoría masculina non é infrecuente atopar a expresión de afectos e emocións. Se ben é certo que o contexto familiar e confesional dos relatos favorece a carga emotiva, atópanse en textos como o de Ramón Nicolás un grao de empatía coa muller desprazada da súa terra natal, unha capacidade tan extraordinaria para se poñer no lugar dela e unha expresión privilexiada dos afectos ('Quíxome moito e eu a ela tamén', 127) que revelan un contra-discurso con respecto á tradicional represión das emocións que o patriarcado impón aos homes. Na súa análise do discurso amoroso, Roland Barthes (2007) lamenta o descrédito da sentimentalidade na modernidade, e salienta o poder transgresor de quen se expón a expresar os seus sentimentos. Suzanne Clark (1991) coincide neste potencial transgresor da sentimentalidade e salienta a súa dimensión ética. Refírese Clark á represión do sentimental por parte de escritores e lectores que temen caer nunha especie de 'maternal indulgence' (1991: 8). Nos relatos dos escritores galegos da mostra analizada exprésanse desinhibidos sentimentos de unión con figuras maternas, sexan estas avoas, bisavoas ou tataravoas, polo que se pode suxerir que a reconstrución das historias das mulleres migrantes favorece un discurso transgresor fronte ás estratexias patriarcais que pretenden tanto silenciar esas historias como reprimir a expresión dos afectos. Esta sentimentalidade non resulta da práctica colonial de feminización do colonizado tal e como a describe Helena Miguélez-Carballeira (2013) para o caso galego, máis ben todo o contrario porque se trata dun rexeitamento da lóxica colonial e patriarcal na liña da ética da proximidade e os afectos que a mesma Miguélez-Carballeira (2010), seguindo a Eve Kosofsky Sedgwick (2003), expón na introdución á tradución inglesa do poemario *Non son de aquí [I Am Not from Here]* de María do Cebreiro (2010).

Se entre os relatos galegos se daba a coincidencia ocupacional de dúas amas de cría, na compilación irlandesa son dous os relatos sobre monxas enviadas polas súas ordes relixiosas a misións católicas en partes afastadas do mundo, ocupación da que non hai caso ningún na compilación galega. Curiosamente as dúas historias de misioneiras van escritas en verso, porque nalgún momento das súas vidas as autoras Máighréad Medbh e Catherine Phil MacCarthy quixeron homenaxear por medio dun poema a vida aventureira, a personalidade emprendedora e relativamente autónoma, así como o traballo cos grupos desfavorecidos das súas parentes misioneiras. Estas dúas historias permiten barallar a hipótese de que o traballo asistencial nas misións ofrecese a algunhas mulleres unha alternativa á

Foto-grafías: *mulleres
migrantes galegas e irlandesas*
Manuela Palacios

7

Para unha discusión polo miúdo do traballo de ama de cría, véxase o libro *Amas de cría*, da autoría do fotógrafo José Manuel Fraile Gil (2000). Nesta publicación fornécense información sobre as rexións de orixe das amas de cría, as cidades e grupos sociais con maior demanda deste servizo, os anuncios nos xornais tanto para ofrecer como para demandar emprego, as condicións laborais, a vestimenta das amas, etc.

8

O control da moral das mulleres por parte da Igrexa Católica non só se exercía no país de orixe senón que se tentaba practicar tamén sobre as migrantes no país de destino. Ademais da axuda que prestaba a parroquia aos e ás migrantes cos trámites administrativos da comunidade de acollida, os coidados sanitarios dos seus dispensarios e a acción caritativa, a Igrexa vixiaba para que as mulleres respectasen as súas normas morais e de pudor (Lillo 2004); Babiano & Fernández Asperilla (2009: 81, 96).

9

O Boletín Oficial del Estado do 22 de setembro de 2015 publicou a 'Ley Orgánica 11/2015, de 21 de setembro, para reforzar la protección de las menores y mujeres con capacidad modificada judicialmente en la interrupción voluntaria del embarazo', na cal se estipula que as mulleres de 16 e 17 anos non poderán abortar sen o consentimento paterno (Jefatura del Estado, Gobierno de España 2015). Isto supón un retroceso lexislativo con respecto á lei de 2010. Porén, non prosperou a lei do aborto proposta polo Ministro de Xustiza Alberto Ruíz Gallardón e aprobada no Consejo de Ministros do 20 de

vida doméstica de sometemento a un esposo e total dedicación á crianza de fillos. As misións daban logo a oportunidade de viaxar e liderar iniciativas de apoio á poboación de países empobrecidos.

As coincidencias ocupacionais poderían facernos pensar en certos patróns na oferta de traballo dispoñíbel para as mulleres pola que en España se demandaba a ama de cría do norte (Sarasúa 2001: 34)⁷ e en Irlanda a Igrexa Católica penetraba eficazmente nas familias ata os anos 60 do século xx, contando moitas delas con algún membro no clero. Porén, como se dixo anteriormente, tamén houbo numerosas amas de cría irlandesas das que pouco se sabe, polo que cumpriría analizar en estudos futuros tanto as características desa migración feminina irlandesa como o papel das migrantes galegas nas misións católicas internacionais. As historias de misioneiras irlandesas desta mostra son un contrapunto oportuno ás numerosas historias de abusos sobre a infancia e as nais solteiras por parte das ordes relixiosas e o clero de Irlanda. Tal é o caso do relato de Mary O'Donnell, quen nos fala das prácticas escurantistas da Igrexa Católica en materia de adopción de crianzas, así como dos acordos entre o clero e os laboratorios farmacéuticos para ensaiar vacinas nos nenos e nenas dos orfanatos. Outra visión crítica coa Igrexa Católica é a presentada por Kelly cando ironiza tanto na cuestión do control da Igrexa sobre os corpos e os espíritos dos seus fregueses e freguesas como na do financiamento, por parte das migrantes irlandesas en Estados Unidos, dos numerosos gastos das súas parroquias americanas.

Na compilación galega non atopamos comentarios críticos sobre o papel da Igrexa nas sociedades de orixe e destino, malia sabermos que foi moi importante. Natacha Lillo (2004) fala, por exemplo, das españolas solteiras que emigraban a París nos anos 50 para escapar do control moral da Igrexa e da Falanxe.⁸ En xeral, a literatura irlandesa de autoría feminina vén amosando desde os anos setenta do século pasado unha crítica feroz dos abusos de poder por parte da Igrexa e vén denunciando a súa opresión das mulleres, mentres que na literatura galega esta crítica está moito máis diluída. É difícil explicar o porqué desta diverxencia, xa que o poder da institución eclesiástica foi significativo nas dúas comunidades, así como a súa estreita colaboración coas institucións políticas, de xeito que toda a sociedade viviu profundamente marcada polos ditados relixiosos, especialmente entre os anos trinta e setenta do século xx. Abunda a percepción de que o control moral e ideolóxico da Igrexa Católica sobre a poboación é máis férreo en Irlanda como se manifesta na resistencia a autorizar as prácticas de control da natalidade e cabe pensar que isto comporta unha oposición máis radical por parte das mulleres con conviccións feministas, pero os cambios lexislativos recentes no Estado español no tocante aos dereitos das mulleres para decidir sobre os seus corpos amosan que as distancias entre as dúas comunidades son agora máis reducidas.⁹

Ao igual que coa mostra galega, os estudos do trauma resultan de gran utilidade para analizar os relatos irlandeses deste estudo, pois neles abundan sinais de sufrimento traumático derivado da dislocación da emigrante e a división das familias. Os relatos de Celia de Fréine, Lorna Shaughnessy, Mary O'Donnell e Lia Mills remiten á función terapéutica da escrita, a *scriptoterapia* (Henke 1998: xii), pola que o recordo traumático se transforma en recordo narrativo. Ao igual que nos relatos galegos, temos acceso a eses traumas cotiáns pero agochados e insidiosos que, como di Laura S. Brown (1995: 101-2), son a expresión das institucións dominantes. A emigración ten o seu custo emocional e persoal, polo que nestes relatos agroman experiencias de depresión, alcoholismo, resentimento, segredos,

decembro de 2013, que colocaría a lexislación española entre as máis restritivas de Europa.

¹⁰

Para esta discusión das ideas de Susan Sontag emprego a edición de Edhasa de 1981 en castelán. A paxinación corresponde a esta edición.

silencio e culpabilidade. De Fréine relata a profunda depresión na que cae a súa nai debido, en gran medida, á alienación sufrida na comunidade de destino. Interveñen neste caso factores históricos como o da división de Irlanda entre o Norte e a República, motivos relixiosos por mor do predominio de protestantes no Norte e católicos no Sur, cuestións de clase debido á difícil situación económica da familia, e razóns de xénero polas restricións legais no acceso da muller casada ao emprego público, así como polas expectativas sociais arredor dos proxectos de vida das mulleres. O relato de De Fréine ilustra á perfección o concepto de *scriptoterapia*, pois a escritora remata aludindo á súa procura permanente da identidade a través da escrita: 'Most of all, I wanted to find out who I was and where I belonged. Each time I take pen in hand I continue my quest' (162). Pola súa parte, Lorna Shaughnessy revela os efectos do trauma, neste caso o alcoholismo, á vez que os recorre con metáforas e alusións oblicuas: 'That shade of claret matched her nails and lips' (163), '[the voices] submerged in the bottle wrapped in brown paper in her shopping basket' (166). Mary O'Donnell, no seu relato, suscita a pregunta recorrente de por que marchou a súa medio-irmá pero, malia as explicacións tentativas, a pregunta retorna unha e outra vez: 'It is the knowing why that counts' (173). Abundan as metáforas do campo semántico da enfermidade —a emigración adoita expresarse con termos como hemorraxia, sangría, etc.— e as preguntas sen resposta. Estes enigmas poden deberse a que a homenaxe á persoa querida que marchou non é facilmente compatíbel coa declaración de toda a verdade, pero ocorre tamén que non sempre se coñecen as motivacións máis íntimas para a partida da emigrante. Algunhas estratexias para se enfrontar aos recordos dolorosos pasan, aínda que semelle un paradoxo, polo sentido do humor, como é o caso do relato de Evelyn Conlon: 'My grandmother finally visited her daughter, thought it was not so far away at all, the flight was just a couple of rosaries long' (163). Na maioría dos casos, obsérvase o que Maurice Halbwachs denominaba a *urxencia* de contar (cit. en Godinho 2012: 16) para rescatar do esquecemento as experiencias destas mulleres tan importantes no seo familiar e na historia persoal. Así, por exemplo, Lia Mills expresa no seu relato sentimentos de culpabilidade por perder o contacto coas súas sobriñas: 'I could see [my sister] in both of them, and she was none too pleased with me, for giving up so easily' (175). Aproveita Mills a ocasión deste relato para render unha homenaxe pública á súa irmá: 'The shape we make when we're together has Lyn's absence at its core. We fill it with talking about her' (175).

Foto-grafías: alén das aparencias

Retomo agora a cuestión da fotografía porque neste proxecto a foto non é unha mera ilustración nin é só un soporte do relato, senón que ten repercusións moi variadas na configuración da experiencia migratoria e na relación entre os que marchan e os que quedan. Dinos Susan Sontag (1981: 13)¹⁰ que, coa súa aparición, a fotografía introduciu unha nova gramática e ética da visión, alterando e ampliando as nocións sobre o que paga a pena mirar e o que temos dereito a observar. Esta afirmación é aínda agora relevante, especialmente no caso das fotografías de mulleres migrantes nestas compilacións galegas e irlandesas, porque se trata de suxeitos subalternos, en situacións económicas e sociais moi precarias e porque, ao se trataren de mulleres, sufriron unha dobre discriminación, económica e de xénero, polo que as súas experiencias apenas gozaron de visibilidade. A nova gramática da

visión, seguindo a Sontag, consiste neste caso en lles dar valor a estas foto-grafías de mulleres migrantes e afirmar que paga a pena miralas. Por outra parte, son documentos persoais e podemos sentir algún tipo de reserva ao contemplarmos imaxes destinadas a cumprir unha función na comunicación familiar e privada. Aínda que os seus parentes as cedan agora xenerosamente para a súa difusión pública, contribuíndo así á investigación sobre o papel das mulleres nos movementos migratorios e colaborando na reconstrución da memoria colectiva, o temor a caer nunha práctica *voyeurista* mantén vixente a cuestión sobre a ética da visión e o que temos dereito a observar de acordo con Sontag.

Outra dimensión ética da fotografía tamén sinalada por Sontag é o feito de que esperte a conciencia sobre unha situación histórica (27), o cal coincide cun dos obxectivos do proxecto *foto-grafías*. Afirmo igualmente Sontag que a fotografía promove a nostalxia (25) e, certamente, neste proxecto emprégase a fotografía para axudar a memoria no seu traballo, constituíndo unha fonte documental, apoiando a fiabilidade do testemuño e *espertando* a memoria, o cal, como advirte Bruna Peyrot, se fai segundo os desexos e necesidades do presente (cit. en Cuesta 2014: 32). Pero ademais do seu valor documental, a fotografía é unha representación da realidade segundo uns criterios técnicos e expresivos propios, polo que Sontag nos advirte de que prestemos atención ás mediacións estéticas e ideolóxicas desa representación (16). No extremo oposto á función documental, a fotografía pode converterse, segundo a intelectual estadounidense, nun convite constante á especulación e a fantasía (33), o cal, como vimos anteriormente, era o caso de Lupe Gómez cando fantasiaba coa foto do seu tío-avó Pedro e tamén é o caso de Lorena Souto na compilación galega (127-129). Souto describenos unha foto do álbum familiar cunha muller de identidade pouco precisa: 'unha muller misteriosa que ninguén foi quen de asegurar con certeza quen é. A idea máis aproximada é que pode tratarse dunha tía da miña avoa que marchou para América' (Souto 2013). Esta función especulativa é máis pronunciada cando faltan datos reais sobre a vida da muller retratada, pero por outra parte casa ben coa aguda conciencia na voz narradora de todos os elementos narrativos e ficcionais que constitúen un relato.

Advírtenos Sontag dos aspectos enganosos da fotografía e afirma que a comprensión verdadeira dun acontecemento comeza cando non se acepta o mundo pola súa aparencia (34). Entre as mediacións estéticas e ideolóxicas na fotografía da emigración está a de transmitir a mensaxe de éxito e benestar, polo que Pierre Bourdieu (1965: 45) salienta a función social deste tipo de fotografía por enriba das particularidades individuais que poida revelar. O relato de Luz Pichel comenta a reacción da filla ao contemplar a foto enviada pola nai: 'e pareceulle guapa de máis para ser a súa nai. Pensou: cando volva, se volve, se cadra non se lle pode tocar' (120). A fotografía, polo tanto, non é só unha pseudo-presenza senón que, debido ao proceso de idealización, acrecenta a distancia entre nai e filla. Son moitas as escritoras irlandesas que tamén se refiren ao enganoso que son as fotografías que comentan, xa que amosan mulleres felices e prósperas cando os relatos evidencian as dificultades das súas vidas. Hai casos, como o de Celia de Fréine, no que a foto da rapaza nova, cultivada e risoña representa todo o contrario do que foi a historia da muller á que os continuos desprazamentos, a división da familia pola fronteira entre Irlanda do Norte e do Sur, e as dificultades económicas afundiron nunha depresión severa. É como se a fotografía representase todo o que a vida prometía na xuventude e logo negou. Algo semellante ocorre coa foto comentada por Lorna Shaughnessy,

na que o brillo dos ideais burgueses non deixa ver o custo emocional que a muller retratada paga pola dislocación e a alienación que comporta a emigración. Casos á parte son as fotografías comentadas tanto por Catherine Phil MacCarthy como por Mary O'Donnell. A primeira presenta a misión neira irlandesa obxecto do seu relato rodeada das mulleres peruanas coas que traballaba. Xuntas expoñen, con dignidade pero sen triunfalismo, os xerxes que tecían en equipo, nun exercicio de trans-etnicidade ao compar-tiren saberes e artesanías. Mary O'Donnell escolle a foto dunha muller pen-sativa e co rostro marcado polo paso da vida. Prima nesta escolla fotográfica e no relato que a acompaña o valor emocional da foto e da experiencia com-partida, a percepción crítica do país de orixe cos seus escándalos e abu-sos sobre a infancia así como do país de destino, polos ideais de emprego, xuventude, saúde e progreso que difunde pero dificilmente pode cumprir.



Xa que os relatos parten dunha fotografía, adoitan describir o corpo e aspecto físico da muller retratada, o cal introduce aspectos novos con respecto á literatura de viaxes de mulleres, xa que segundo Kristi Siegel (2004: 9) estes textos se caracterizaban pola escaseza de referencias ao propio corpo, presentando a viaxe máis coma unha aventura espiritual ou un reto psicolóxico que coma unha proba para coñecer as limitacións do propio corpo. Nesta supresión do corpo influíron as teorías patriarcais sobre o pudor feminino que criticaron, especialmente a partir dos anos setenta do século xx, autoras como Hélène Cixous (1975), Julia Kristeva (1985), Susan Rubin Suleiman (1986) e Margaret Miles (1986), entre outras moitas intelectuais feministas. Falábanos por entón Cixous dun patriarcado que confiscara o corpo das mulleres mediante unha censura que as afogaba sen deixar fluír a súa linguaxe e defendía a autora que as mulleres debían recuperar a escrita e, con ela, o seu corpo. Isto foi o que fixeron as escritoras galegas e irlandesas posteriores tanto ao denunciaren a represión do corpo por parte das institucións patriarcais como ao inscribilo sen tabús na súa obra. Así, por exemplo, a escritora Lupe Gómez denunciou no seu texto autobiográfico *Fisteus era un mundo*: 'A igrexa rompíache o corpo' (2001: 32) e Eavan Boland criticou a retórica nacional da Irlanda Nai nun país que odiaba o corpo das mulleres (2007: 31-32). No tocante a este proxecto *foto-grafías*, observamos que nos relatos das autoras galegas e irlandesas non hai esa supresión do corpo que lamentaba Siegel (2004: 9). Certamente, non se trata neste caso das narracións en primeira persoa das propias viaxeiras, senón dun relato, adoito en terceira persoa, construído arredor dunha fotografía. Aquí radica parte do interese de acompañar fotos con relatos e estimular a produción de discursos sobre un documento visual, porque incita a introducir elementos como o da descrición do corpo que poderían pasar a un segundo plano noutro tipo de relato biográfico. Atopamos nesta

mostra o exemplo de Helena Villar Janeiro, quen alude desinhibidamente ao humor popular sobre o corpo feminino sexuado e ao 'busto xeneroso' da avoa que exerceu como ama de cría, para contradicir o dito popular que describe as mulleres da Cancelada con seos grandes pero pouco leite: 'Vaca de Cancelada, moito ubre e pouca canada' (122). Porén, a referencia ás funcións reprodutoras do corpo feminino non é exclusiva desta autora, porque no outro caso de ama de cría tratado por Mario Regueira, atopamos de novo a referencia aos peitos e o leite materno ('Co leite do último parto fresco nos peitos' 123), xunto coas hipóteses á vez veladas e desveladas sobre a estratexia para manter o leite: 'Na familia cóntase a media voz que levou un canciño oculto entre as roupas e que o aleitou durante a longa viaxe en barco para poder traballar chegada a La Habana' (123-124). Carmen Sarasúa (2001: 35-36) documenta esta práctica, entre as amas de cría, de aleitar un cadeliño durante a viaxe para conservar o leite nos peitos. Regueira selecciona este momento coma o que mellor expresa o sufrimento destas mulleres migrantes: 'Se tivese que escoller unha imaxe dela das que non teño, querería esa, a da travesía, a dos laios disimulados, a dos cairos como alfinetes nos peitos, a da rotunda determinación de sobrevivir' (124). A forza expresiva e retórica desta frase, coa enumeración das penalidades *in crescendo*, amosa o alto grao de empatía do narrador non só con esa muller da familia senón tamén co seu corpo.

Un dos aspectos corporais relevantes á cuestión migratoria é a referencia á gordura na terra de destino. Luz Pichel presenta unha migrante quen, despois de vivir na escaseza en Galicia e tras as dificultades da travesía, gaña peso unha vez instalada en Venezuela: 'Engordara. Engordou. Engordou abondo' (120). Esta insistencia na gordura é a manifestación visible do éxito do proxecto migratorio, pero a escritora tamén emprega o adxectivo 'gorda' como descualificación no conflito de clase e na rivalidade pola atención e coidados da figura materna entre a filla da migrante e a nena da familia burguesa: 'Parécelle parva, parécelle gorda' (120). Un uso distinto é o que Rita Kelly dá á cuestión da gordura, pois fala de como as migrantes irlandesas dos anos vinte do século pasado coñeceron o caramelo nos Estados Unidos e menciona o efecto do azucre nos corpos: 'In Ireland their youth and their hard work on the land certainly kept them fit and very trim. However, the abundance of food and sweet foods in the US would change that aspect of their lives' (158). Cómpre lembrar, con todo, que estes relatos están escritos na actualidade, polo que é posíbel que se mesturen criterios estéticos e percepcións socio-económicas do corpo de tempos pasados e do presente.

Conclusión

Para recapitular, cómpre salientar que a participación dos escritores e escritoras de Galicia e Irlanda no proxecto *foto-grafías* revela que hai unha urxencia por contar, tanto como estratexia terapéutica como para loitar contra o esquecemento. Fotografías e relatos infórmannos do impacto da migración nas sociedades galegas e irlandesas —os cambios sociais e económicos—, pero tamén evidencian o custo persoal tanto para a muller migrante como para a súa contorna familiar. Estas lembranzas individuais dan forma á nosa identidade colectiva e fálannos de terras de migración que constitúen o que Marga do Val denomina 'paisaxes herdadas' para se referir aos países aos que emigraron as persoas da súa contorna próxima (cit. en Nogueira 2014: 163).

Malia o valor documental das fotografías, obsérvase a reticencia das narradoras e narradores a se fiaren das aparencias e, paralelamente, os escritores e escritoras fan gala da súa conciencia narradora e mediadora entre realidade e ficción ao empregaren un amplo abano de estratexias narrativas para re-construír a historia da migración. Ás mediacións estéticas e ideolóxicas, cómpre engadir as emocionais na medida na que textos e fotografías falan da identidade individual e do grupo. Constátase a utilidade dos estudos do trauma para a análise dos relatos da migración á hora de identificar as pegadas do trauma no discurso. Compróbase tamén que se van diluíndo algunhas distincións patriarcais de xénero no relativo ao tratamento do corpo e as emocións por parte de escritores e escritoras, o cal fai que non se observen diferenzas notábeis entre a mostra exclusiva de escritoras irlandesas e a mixta de escritores e escritoras de Galicia. Entre as diferenzas máis salientábeis nos relatos galegos e irlandeses aquí analizados, merece mención a abondosa presenza da Igrexa Católica nas historias da emigración irlandesa, así como a crítica explícita ás súas prácticas corruptas e manipuladoras. Obsérvase tamén como o mercado laboral das mulleres vai en certa medida diferenciado por rexións e como Galicia enviou un bo número de amas de cría a outras partes da península e do estranxeiro, o cal vén confirmado tanto polas fontes historiográficas como polo corpus de relatos galegos aquí comentado. No tocante a Irlanda, chama a atención a participación das súas monxas nas misións católicas dos países en desenvolvemento e o grao de axencialidade e participación na esfera pública que lles permitiu esta experiencia. Non se debe menosprezar, ademais, o papel destas misións nos futuros movementos migratorios en sentido contrario: a migración do suxeito poscolonial desde a colonia á metrópole, cuestión merecedora dun estudo á parte. Estas diferenzas, tanto ideolóxicas e relixiosas como ocupacionais, na migración das mulleres de Galicia e Irlanda suxiren aspectos de relevancia mutua para as dúas comunidades e fornecen novos obxectivos e criterios de análise para seguir explorándoas pois, como se suxeriu na discusión dos casos de amas de cría en Irlanda, poden revelar tabús, censuras, temores e, en xeral, silencios na memoria individual e colectiva da migración.



Obras citadas

ACUÑA, Ana, ed., 2014. *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega* (Berlin: Frank & Timme).

ALIAGA SÁEZ, Felipe Andrés, ed., 2013. *Cultura y migraciones. Enfoques multidisciplinares* (Santiago: Universidade de Santiago de Compostela).

BABIANO, José & Ana FERNÁNDEZ ASPERILLA, 2009. 'Mujeres y trabajo en la emigración española a Europa de los años sesenta', en Liñares Giraut 2009: 81-100.

BALTRUSCH, Burghard, ed., 2013. *Lupe Gómez: libre e estranxeira. Estudos e traducións* (Berlin: Frank & Timme).

BARTHES, Roland, 2007. *Le discours amoureux* (Paris : Éditions du Seuil).

BOLAND, Eavan, 2007. *Domestic Violence* (Manchester: Carcanet).

BOURDIEU, Pierre et al., 1965. *Un art moyen. Essai sur les usages sociaux de la photographie* (Paris: Éditions de Minuit).

BROWN, Laura S., 1995. 'Not Outside the Range: One Feminist Perspective on Psychic Trauma', en Caruth 1995: 100-112.

CARUTH, Cathy, ed., 1995. *Trauma: Explorations in Memory* (Baltimore: The Johns Hopkins University Press).

CIXOUS, Hélène & Catherine CLÉMENT, 1975. *La jeune née* (Paris: Union Générale d'Éditions).

CLARK, Suzanne, 1991. *Sentimental Modernism. Women Writers and the Revolution of the Word* (Bloomington: Indiana University Press).

CONNELL, R.W., 2005. *Masculinities* (Berkeley: University of California Press).

CUESTA, Josefina, 2014. 'Una aproximación a las memorias', en Acuña 2014: 17-44.

DELANEY, Enda, 2001. 'Gender and Twentieth-Century Irish Migration, 1921-1971', en Sharpe 2001: 209-223.

FERREIRA, Sónia, 2012. 'Memória, identidade e género no seio de uma comunidade operária', en Godinho 2012: 119-132.

FRAILE GIL, José Manuel, 2000. *Amas de cría* (Urueña: Fundación Joaquín Díaz).

GABACCIA, Donna, 1996. 'Women of the Mass Migrations: From Minority to Majority, 1820-1930', en Hoerder & Moch 1996: 90-111.

Foto-grafías: *mulleres
migrantes galegas e irlandesas*
Manuela Palacios

GODINHO, Paula, coord., 2012. *Usos da memória e prácticas do patrimonio* (Lisboa: Edições Colibri).

GOLDEN, Janet, [1996] 2001. *A Social History of Wet Nursing in America. From Breast to Bottle* (Columbus: Ohio State University Press).

GÓMEZ, Lupe, 2001. *Fisteus era un mundo* (Vigo: Promocións Culturais Galegas).

GUIBERNAU, Montserrat & John REX, eds., 2010. *The Ethnicity Reader. Nationalism, Multiculturalism & Migration* (Cambridge: Polity Press).

HARTMAN, Geoffrey H., 2003. 'Trauma within the Limits of Literature', *European Journal of English Studies* 7(3): 257-274.

HARZIG, Christiane, 2001. 'Women Migrants as Global and Local Agents. New Research Strategies on Gender and Migration', en Sharpe 2001: 15-28.

HENKE, Suzette A., 1998. *Shattered Subjects: Trauma and Testimony in Women's Life-Writing* (London: Macmillan).

HERNÁNDEZ BORGE, Julio & Domingo L. GONZÁLEZ LOPO, eds., 2008. *Mujer y emigración: una perspectiva plural* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

HOERDER, Dirk & Leslie P. MOCH, eds., 1996. *European Migrants: Global and Local Perspectives* (Boston: Northeastern University Press).

JEFATURA DEL ESTADO (Gobierno de España), 2015. 'Ley Orgánica 11/2015, de 21 de septiembre, para reforzar la protección de las menores y mujeres con capacidad modificada judicialmente en la interrupción voluntaria del embarazo', *Boletín Oficial del Estado*, N° 227, Sección I: 83586-83587.

KELLY, Rita, 2010. Resposta á enquisa sobre migración e viaxe enviada por Manuela Palacios. 16 de maio. Sen publicar.

KOSOFKY SEDGWICK, Eve, 2003. *Touching Feeling: Affect, Pedagogy, Performativity* (Durham & London: Duke University Press).

KRISTEVA, Julia, 1985. 'Stabat Mater', trad. Arthur Goldhanner, *Poetics Today* 6 (1/2): 133-152.

LAWRENCE, Karen R., 1994. *Penelope Voyages. Women and Travel in the British Literary Tradition* (Ithaca & London: Cornell University Press).

LILLO, Natacha, 2004. 'Espagnoles en banlieu rouge. L'intégration à travers le parcours des femmes (1920-2000)', *Les Cahiers du CEDREF* 12: 191-209. Eds. Zaidman & Bachelet. <http://cedref.revues.org/557>. Consulta 25-09-2015.

LIÑARES GIRAUT, Amancio, coord., 2009. *El protagonismo de la mujer en las corrientes migratorias españolas* (Vigo: Grupo España Exterior).

LORENZO MODIA, María Jesús, ed., (2016). *Ex-sistere: Women's Mobility in Contemporary Irish, Welsh, and Galician Literatures* (Cambridge: Cambridge Scholars Publishing).

MARÍA DO CEBREIRO, 2010. *I Am Not from Here*, trad. Helena Miguélez-Carballeira (Exeter: Shearsman).

MIGUÉLEZ-CARBALLEIRA, Helena, 2010. "I am not from here": A Translation for María do Cebreiro', en María do Cebreiro 2010: 7-14.

—, 2013. *Galicia, a Sentimental Nation. Gender, Culture and Politics* (Cardiff: University of Wales Press).

MILES, Margaret, 1986. 'The Virgin's One Bare Breast: Female Nudity and Religious Meaning in Tuscan Early Renaissance Culture', en Suleiman 1986: 193-208.

MOROKVASIC, Mirjana, 1984. 'Birds of Passage Are Also Women', *International Migration Review* 18 (4): 886-907.

MORRIS, Mary, ed., 1993. *Maiden Voyages: Writings of Women Travelers* (New York: Vintage Books).

MULDOWNEY, Mary, 2012. "Very Humiliating for the Country": Differing Perspectives on the Emigration of Irish Women to Britain during the Second World War', en Ó hAodha & O'Callaghan 2012: 55-71.

NOGUEIRA, María Xesús, 2014. 'Apuntamentos Nómades. Viaxe e literatura nas escritoras galegas', en Acuña 2014: 153-177.

Ó HAODHA, Mícheál & John O'CALLAGHAN, eds., 2012. *Narratives of the Occluded Irish Diaspora. Subversive Voices* (Oxford: Peter Lang).

PALACIOS GONZÁLEZ, Manuela, 2010. 'Con Lupe Gómez en Santiago de Compostela. A escritora e a viaxe', *Boletín Galego de Literatura* 44: 153-162. Entrevista. Reproducida en Baltrusch 2013: 151-157

—, 2013. 'Exilio e tabú', en Aliaga 2013: 127-137.

—, 2014. 'Cuestión de enfoque: fotografía, muller e viaxe', en Acuña 2014: 117-152.

—, (2016). 'Stand Still: Photographs of Irish Migrating Women', en Lorenzo Modia 2016: 154-188.

RODRÍGUEZ GALDO, María Xosé, 2009. 'Lugar y presencia de las mujeres españolas en la emigración exterior', en Liñares Giraut 2009: 17-38.

SARASÚA, Carmen, 2001. 'Leaving Home to Help the Family? Male and Female Temporary Migrants in Eighteenth- and Nineteenth-Century Spain', en Sharpe 2001: 29-59.

Foto-grafías: *mulleres
migrantes galegas e irlandesas*
Manuela Palacios

SHARPE, Pamela, ed., 2001. *Women, Gender and Labour Migration. Historical and Global Perspectives* (London & New York: Routledge).

SIEGEL, Kristi, ed., 2004. *Gender, Genre, & Identity in Women's Travel Writing* (New York: Peter Lang).

SIMON, Rita J. & Caroline BRETTELL, eds., 1986. *International Migration: the Female Experience* (Totowa, NJ: Rowman & Allanheld).

SONTAG, Susan, 1977. *On Photography* (New York: Farrar, Straus & Giroux). 1981. *Sobre la fotografía*, trad. Carlos Gardini (Barcelona: Edhasa).

SOUTO, Lorena, 2013. Mensaxe electrónica á autora. 26 de marzo.

SULEIMAN, Susan Rubin, ed., 1986. *The Female Body in Western Culture: Contemporary Perspectives* (Cambridge & London: Harvard University Press).